

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12055 *Real decreto 1011/2015, do 6 de novembro, polo que se regula o procedemento para formalizar o sistema de consignacións en sede electrónica das cantidades necesarias para tomar parte nas poxas xudiciais e notariais.*

O Consello de Ministros aprobou o 26 de outubro de 2012 o Acordo polo que se creaba a Comisión para a Reforma das Administracións Públicas. O resultado dos traballos desta comisión materializouse nun informe que incluía até un total de 217 medidas para, entre outros obxectivos, mellorar a eficacia e a eficiencia das administracións públicas, simplificar a tramitación administrativa e eliminar trabas burocráticas. Entre estas medidas estaba o impulso dun sistema de poxas electrónicas coa creación dun portal de poxas na Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado que, baixo o impulso da Oficina para a Execución da Reforma da Administración, Opera, é xa unha realidade.

En relación con estes obxectivos, a modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, efectuada polo artigo primeiro da Lei 19/2015, do 13 de xullo, de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración de xustiza e do Rexistro Civil, supón, entre outras medidas, a posta en marcha dun sistema de poxas electrónicas a través dun portal único de poxas, tanto xudiciais como notariais, na Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado, no cal a consignación ou constitución do depósito polos ofertantes se realizará por medios electrónicos a través deste portal de poxas, que utilizará os servizos telemáticos que a Axencia Estatal de Administración Tributaria porá á súa disposición.

Igualmente, a Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria, ao regular as poxas voluntarias, cuxa competencia lle atribúe aos letrados da Administración de xustiza e aos notarios, establece o mesmo sistema de poxas electrónicas a través do portal único de poxas. Cómpre, por isto, a modificación da Lei do notariado do 28 de maio de 1862.

O Real decreto 467/2006, do 21 de abril, polo que se regulan os depósitos e consignacións xudiciais en metálico, de efectos ou valores, definiu un dos significados dos depósitos xudiciais como aqueles que se constitúen en cumprimento de garantías, fianzas, caucións ou outros requisitos procesuais establecidos polas leis. Neste sentido, os depósitos que debían constituírse para participar nas poxas xudiciais tiveron até o momento actual a súa regulación e encaixe legal nesta norma regulamentaria. As modificacións legais referidas fan necesaria unha nova regulación do procedemento para a constitución do depósito para poder intervir como ofertante nunha poxa, nos casos que así o exixa a lei.

Con este real decreto establécese un único sistema de consignacións ou depósitos, e isto con independencia de cal sexa a natureza da poxa, xudicial ou notarial.

Este real decreto dítase facendo uso da autorización concedida na disposición derradeira sexta da Lei 19/2015, do 13 de xullo, de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración de xustiza e do Rexistro Civil, e na disposición adicional quinta da Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria, e o Consello Xeral do Poder Xudicial emitiu informe.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza e de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de novembro de 2015,

DISPOÑO

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Este real decreto ten por obxecto a regulación do procedemento de constitución, xestión e devolución, cando proceda, por vía telemática dos depósitos exixidos pola normativa vixente para participar nas poxas electrónicas.

2. Este procedemento será de aplicación a aqueles que vaian participar nas poxas electrónicas acordadas nos procedementos ou expedientes xudiciais ou notariais.

Artigo 2. Procedemento para a constitución telemática dos depósitos.

1. Para poder participar na poxa, os interesados deberán estar dados de alta como usuarios do sistema do portal de poxas dependente da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado e situado na sede electrónica desta, nos termos do artigo 648.4.^a da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, e estar en posesión da correspondente acreditación, para o que será necesario que constituísen, se for o caso, o depósito do 5 por cento do valor dos bens, de conformidade co artigo 647.1.3.^o da referida lei.

2. Para cursar a constitución telemática do depósito, o interesado, unha vez dado de alta no portal de poxas, conectarase a través del cos servizos electrónicos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e, por vía destes, cos da entidade colaboradora na xestión recadatoria encomendada á Axencia Tributaria, conforme os termos regulamentariamente determinados, en que teña conta. Se a constitución do depósito é aceptada pola entidade colaboradora, esta efectuará o traspaso do seu importe desde a conta do depositante á conta de depósitos por participación en poxas da Axencia Tributaria, e comunicaralles este feito ou a imposibilidade de efectualo por inexistencia de saldo na conta ou por calquera outra causa, así como os datos identificadores do depositante e da poxa, de conformidade cos procedementos establecidos ao respecto, á Axencia Tributaria e, de forma sucesiva, ao portal de poxas, a resultas da poxa.

O portal de poxas enviará ao interesado, como acreditación do depósito constituído, un número de referencia completo que previamente lle terá comunicado a Axencia Tributaria tras ser emitido pola entidade colaboradora correspondente.

Artigo 3. Xestión e devolución dos depósitos constituídos para participar nas poxas, unha vez realizadas estas.

1. Na data do peche da poxa e a continuación desta, o portal de poxas transmitirá á Axencia Tributaria a información necesaria para que o importe correspondente ao depósito constituído polo ofertante adxudicatario se ingrese na conta restrinxida da entidade colaboradora en que se efectuase, para os efectos da súa posterior transferencia á conta do Tesouro no Banco de España. Este ingreso efectuarase unha vez finalizada a quincena prevista no artigo 29.1 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, e quedará aplicado no concepto non orzamentario que estableza a Intervención Xeral da Administración do Estado.

Seguidamente, a Axencia Tributaria remitirá a proposta de pagamento á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira para que lle transfira os fondos correspondentes a ese depósito, e recibirá información do portal de poxas que conterá os datos correspondentes ao nome e número de identificación fiscal do depositante, así como os identificadores da poxa, lote e demais circunstancias que, se for o caso, sexan precisos para asegurar a correcta recepción e identificación das cantidades que serán transferidas á conta de depósitos e consignacións xudiciais, ou ás contas correspondentes en caso de poxas notariais.

Unha vez que dispoña dos fondos e de acordo coa información recibida, a Axencia Tributaria acordará a súa remisión á conta de depósitos e consignacións do órgano ou oficina xudicial ante a que se siga o procedemento ou expediente en que se acordou a realización da poxa xudicial ou ás contas correspondentes en caso de poxas notariais.

Así mesmo, na mesma data do peche da poxa, o portal de poxas transmitirá á Axencia Tributaria a información necesaria para que traspase os depósitos constituídos polos ofertantes que realizaron a súa poxa sen reserva de oferta desde a conta de depósitos por participación en poxas á conta do depositante, conforme o artigo 652 da Lei de axuizamento civil.

2. Os depósitos constituídos polos ofertantes que poxaron con reserva de oferta, en virtude do mesmo artigo, permanecerán no mesmo estado até que o órgano poxador comunique ao portal de poxas que o ofertante adxudicatario completou a totalidade do prezo ofrecido, que se aprobou o remate en favor de terceiro ou que se ditou decreto de adxudicación. Unha vez recibida esta comunicación, o portal de poxas transmitirá á Axencia Tributaria a información necesaria para que traspase ás contas dos depositantes os depósitos constituídos.

No caso de que existisen poxas efectuadas con reserva de oferta e o mellor licitador non completase o prezo ofrecido no prazo sinalado na lei, por aplicación do artigo 653 da Lei de axuizamento civil, o letrado da Administración de xustiza ou notario responsable da poxa, ademais de dar o destino legal ao depósito constituído polo ofertante que causou a quebra da poxa, comunicará esta circunstancia ao portal de poxas e solicitará nel o envío da certificación cos datos do seguinte mellor ofertante que poxou con reserva de oferta e que actúe conforme o establecido no parágrafo primeiro do número anterior.

Se este ofertante tampouco completa o prezo ofrecido, procederase da mesma forma respecto aos sucesivos ofertantes que poxasen con reserva da súa oferta.

3. Se, malia terse constituído o depósito para participar nunha poxa determinada, finalmente esta non ten ningún ofertante, o portal de poxas, tan pronto como se realice o seu peche, transmitirá á Axencia Tributaria a información necesaria para que traspase ás contas dos depositantes os depósitos constituídos para aquela.

4. Os depósitos constituídos polos ofertantes que, unha vez iniciada a poxa, deixen de ter interese nela, non realicen ningunha poxa ou vexan a súa oferta superada e non fixesen reserva de oferta, serán traspasados no momento de peche da poxa.

5. Nos casos de suspensión da poxa por un período superior a quince días ou cancelación directa desta polo letrado da Administración de xustiza ou notario responsable da poxa, o portal de poxas, unha vez transcorrido o citado prazo ou recibida a comunicación expedida por aquel en que deixe sen efecto a poxa, transmitirá á Axencia Tributaria a información necesaria para que traspase ás contas dos depositantes os depósitos constituídos para participar nela.

Disposición adicional única. *Concreción das condicións para a constitución e xestión dos depósitos.*

As condicións técnicas e os intercambios de información necesarios para a constitución, xestión e devolución dos depósitos, as medidas para a protección dos datos facilitados polos depositantes e as condicións para a aplicación e posterior ingreso na conta do Tesouro dos depósitos daqueles que resultasen adxudicatarios, así como as condicións e o procedemento para a provisión de fondos á Axencia Tributaria prevista no número 1 do artigo 3, serán establecidas mediante resolución conxunta da Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 467/2006, do 21 de abril, polo que se regulan os depósitos e consignacións xudiciais en metálico, de efectos ou valores.*

Os números 1 e 3 do artigo 1 do Real decreto 467/2006, do 21 de abril, polo que se regulan os depósitos e consignacións xudiciais en metálico, de efectos ou valores, quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Este real decreto ten por obxecto a regulación dos depósitos e consignacións xudiciais en metálico, de efectos ou valores. Quedan exceptuados os

depósitos efectuados en sede electrónica das cantidades necesarias para tomar parte nas poxas xudiciais.»

«3. Os depósitos e consignacións xudiciais regulados neste real decreto realizaranse mediante ingreso de cantidades de moeda nacional ou divisa estranxeira convertible nunha conta de depósitos e consignacións, cos requisitos establecidos no artigo 8. Non obstante, os depósitos e consignacións para tomar parte nas poxas xudiciais efectuaranse conforme a súa normativa específica.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Decreto do 2 de xuño de 1944, polo que se aproba con carácter definitivo o Regulamento da organización e réxime do notariado.*

Engádesse un novo parágrafo 12 á letra A do artigo 344 do Decreto do 2 de xuño de 1944, polo que se aproba con carácter definitivo o Regulamento da organización e réxime do notariado, coa seguinte redacción:

«12. Establecer sistemas unificados de consignacións, depósitos, cobramentos e pagamentos relativos a calquera actuación ou expediente notarial cuxa existencia estea prevista por algunha disposición normativa.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia en lexislación procesual que corresponde ao Estado conforme o artigo 149.1.6.^a da Constitución, sen prexuízo das necesarias especialidades que nesta orde deriven das particularidades do dereito substantivo das comunidades autónomas.

A disposición derradeira segunda dítase ao abeiro da competencia que lle corresponde ao Estado en materia de ordenación dos rexistros e instrumentos públicos, conforme o artigo 149.1.8.^a da Constitución.

Disposición derradeira cuarta. *Facultades de desenvolvemento e execución.*

Autorízanse os titulares dos ministerios de Xustiza, de Facenda e Administracións Públicas e de Economía e Competitividade para ditar, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de novembro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN